

Vista a acta do tribunal cualificador de 14 de outubro do 2019n qa que se idnica:

"1º.- Dase conta ó tribunal do escritos de recurso presentados por:

GARCIA CIVEIRA ANGELA
CARREIRA IGLESIAS SUSANA
DEL CAMPO RODRIGUEZ PAULA
BAYO RODRIGUEZ AGUSTIN
LAVANDEIRA GORGOSO LUCIA

Unha vez indicado isto, debemos ter en conta que conforme ós artigos 121 e 122 da vixente Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, é, á vista do disposto polo artigo 115.2 da mesma norma, ó dispoñer que o erro na ou a ausencia da calificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter, sitúanos ante a debida tramitación de 5 recursos dealzada fronte ó acordo do tribunal relativo ó resultado do proceso selectivo e valoración de méritos.

Segundo.- Así mesmo o artigo 118.2 da Lei 39/2015 indícanos que, de existir outros interesados, débese dar traslado do recurso a estes concedéndolles un prazo de alegacións de ó menos dez días hábiles.

Resultando claro neste caso que existen outros interesados no recurso, concretamente, os outros aspirantes que concorreron ó mesmo os distintos escritos recibidos foron pendurados na páxina web municipal para coñecemento de todos os interesados.

Terceiro.- Continuando co asunto debemos salienta que o artigo 121.2 da Lei 39/2015 obriga a este Tribunal a remitir a alcaldía unha copia do expediente e o informe ó respecto do recurso dealzada que nos ocupa nun prazo de dez días dende o seguinte o da súa presentación polo que , para dar cumprimento a esta obriga este Tribunal remite neste acto informe respecto as alegacións que fundamentan o recursos de alzada que nos ocupan.

Cuarto.- Analizaremos as alegacións de cada aspirante de xeito individualizado, seguindo o seu orde de presentación, pero, con carácter previo, o tribunal desexa aclarar, sobre o procedemento de preselección que logo debe conformar o servizo de orientación laboral da xunta de Galicia, que, con distintas redaccións pero idéntico sentido desexan impugnar varios aspirantes o seguinte.

Todos os escritos que nos ocupan foron presentados fora de prazo para a impugnación mediante recurso de reposición das bases da convocatoria o que por outro lado non podería facer ningún dos aspirantes pois o participar no proceso selectivo aceptaron as bases, como establece reiterada e consolidada xurisprudencia.

Aínda así, convén aclarar ,que, é posible que a redacción das bases cando indican: Unha vez realizada esta preselección, o Concello remitiralle ao Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación e Colocación, os currículos das persoas preseleccionadas, suficientemente acreditados, os tres currículos con maior puntuación para que o Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Formación e Colocación escolla o máis axeitado para o posto de traballo.

Resulte confusa ou esté deficientemente redactada, pero o certo e que o tribunal, seguindo a encomenda do Concello, axustouse en todo momento é, en todos os seus actos, ós principios que rexen ó acceso o emprego público, coa máxima legalidade e transparencia.

Pois, este propuxo a preselección da aspirante con maior puntuación logo da súa valoración.

E o Concello remitiu á Xunta de Galicia, servizo de orientación laboral o seu curriculum. Dito servizo considerouna a esta, (dona Angela,) apta, pero outorgoulle unha puntuación de 6´12 fronte ó 8´90 que este tribunal lle asignara. O respecto resulta salientable que as resolucións do servizo do orientación laboral nunca antes contiveran unha puntuación para o aspirante proposto, pois tradicionalmente, en convocatorias anteriores, so indicaban se se consideraba apto ou non o /a aspirante/s proposto/s.

O terse coñecemento da disparidade entre a puntuación outorgada a dona Angela García Civeira polo tribunal do proceso selectivo e a que lle outorga o servizo de orientación laboral, o concello, erroneamente, entendeu que prevalecía a valoración do servizo do orientación laboral e acordou a contratación da segunda aspirante con maior puntuación.



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000452DB00F5D502Z9N3Y9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 16/10/2019
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 14:43:22

DECRETO: 2019001463
Fecha: 16/10/2019
Hora: 14:43
Persona 76561868C



A raíz dos recursos que nos ocupan e da resposta á consulta por escrito, que este concello remitiu ó servizo do orientación laboral, comprobouse que a valoración que prevalece é a outorgada polo tribunal do proceso selectivo, e que, o servizo do orientación laboral, se limita a comprobar que o/a aspirante proposto reúne os requisitos mínimos e indispensables esixidos pola orde que rexe a subvención.

CUARTO.- Comenzado con dona ANGELA GARCIA CIVEIRA (tres escritos 03/09/2019 RE 15343, 25/09/2019 RE 15427, 02/10/2019 RE15946).

A orixe do recurso de dona Ángela, contido nos 3 escritos, é a resolución da alcaldía de data 20/09/2019 na que á vista de que ao Servizo de orientación laboral lle outorgaba á mesma una puntuación inferior a dos seguintes aspirantes na valoración do tribunal se resolveu contratar a seguintes aspirante dona Susana Carreira Iglesias.

Os dous primeiros escritos poden resumirse na alegación de dona Angela de que a puntuación que lle outorga o servizo de orientación laboral non substitúe a do tribunal cualificador nomeado por este concello polo que non procede acordar que sexa outra, dona Susana, quen sexa contratada, pois entende dona Angela que a puntuación vinculante e a do proceso selectivo realizado polo concello onde ela obtivo a puntuación mais alta.

Logo de revisar a Orde do 10 de xaneiro pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2019, e de consultar por escrito co Servizo de orientación laboral, debemos estimar a alegación de dona Angela, na que esta indica que a valoración realizada polo servizo de orientación laboral sobre a mesma non varia o feito de que esta era a de maior puntuación no proceso selectivo seguido no concello para a contratación que nos ocupa.

E no ultimo escrito, o de data 02/10/2019 e RE 15946, dona Angela solicita que sexa revisada á alza a súa puntuación, concretamente no apartado TIC, onde se lle concederon 0'40 puntos correspondentes a dous cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...), polo curso de internet avanzado e curso de ACCESS. Entende, e así o solicita, dona Angela que o curso de UTILIDADES INFORMATICAS PARA O TRABAJO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL, tamén debeu ser valorado en dito epígrafe.

O tribunal revisa o mencionado curso no que o programa de contidos indica:

1.COMO MERCAR UN ORDENADOR PERSOAL.

Parámetros nos que hai que fixarse á hora de mercar un ordenador persoal.

2. COMO COÑECER O ORDENADOR .

Compoñentes internos e externos dun ordenador · montaxe.

3. COMO INSTALAR UN PROGRAMA.

4. COMO BAIXAR UN PROGRAMA, APLICACIÓN OU FICHEIRO.

5. COMO GRAVAR INFORMACIÓN EN NOVOS SOPORTES.

6. COMO FACER E RESTAURAR UNHA COPIA DE SEGURIDADE DO ORDENADOR.

7. COMO INSTALAR E CONFIGURAR UN ANTIVIRUS.

8. COMO TRABALLAR CON FICHEROS PDF. ·

9. COMO TRABALLAR CON FICHEROS COMPRIMIDOS.

10. COMO TRABALLAR NUNHA REDE LOCAL.

11.COMO INSTALAR UN NOVO DISPOSITIVO Ó NOSO ORDENADOR

A vista do cal, estima que a alegación sobre o mesmo está fundamentada, polo que acorda incrementar a puntuación de dona Angela neste epígrafe en 0'2 puntos, polo que a súa puntuación total ascende a 9'10 puntos.

GARCIA CIVEIRA ANGELA	3'50	4'75	0'60		0'25		9'10
-----------------------------	------	------	-------------	--	------	--	-------------



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000452DB00F5D502Z9N3Y9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 16/10/2019
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 14:43:22

DECRETO: 2019001463
Fecha: 16/10/2019
Hora: 14:43
Persona 76561868C



Quinto.- Pasase agora a examinar o recurso de dona Susana Carreira Iglesias, quen solicita a revisión á alza das súas puntuacións discrepando da valoración do tribunal en canto ós apartados de Formación específica e coñecementos tic.

Revisada a puntuación outorgada a mesma polo tribunal en canto á formación específica, esta era dun: 2'23 e correspondía a un 1'8 polo curso de experto en recursos humanos e un 0'43 polo curso de 65 horas de igualdade no ámbito do emprego.

Revisada a puntuación apreciase que o curso de experto en recursos humanos consta de 290 horas polo que se a cada 30 horas lle corresponde 0,20 a puntuación correcta é a indicada por dona Susana de 1'92, e apreciase que dito erro debe deberse a un erro de calculo, polo que se estima este punto do recurso. E, en canto á solicitude de dona Susana de que se lle asigne un 1'2 mais polos cursos de formación en igualdade, no emprego no ámbito do Recursos humanos da empresa, e nos servizos sociais, o tribunal xa aclarou que lle concedera un 0,43 polo curso de 65 horas de igualdade no ámbito do Recursos humanos no emprego. En canto ás alegacións recibidas, este tribunal non pode compartir a pretensión da aspirante, dona Susana, quen pretende que se lle puntúen os cursos de IGUALDADE DE OPORTUNIDADES APLICACIÓN NA EMPRESA E NOS RERCURSOS HUMANOS e IGUALDADE DE OPORTUNIDADES APLICACIÓN ES SERVICIOS SOCIAIS, pois o tribunal considera que non versan sobre materias relacionadas co posto ofertado.

En canto a coñecementos tic, dona Susana indica que a súa puntuación é de 0'62 pero esta estima que debería ser de 0'82, pois esta cre que non se tiveron en conta todos os cursos que realizou.

O respecto debemos aclarar que a puntuación do tribunal fora de 0'20 en canto a coñecemento tic polo curso de ofimática presentado e de 0'42 polos seus servizos en como axente de innovación TECNOLOXIAS PLEXUS (302días).

A alegación de dona Susana sobre os cursos que acreditan coñecemento tic denominados FORMACION DE FORMADORAS EN MATERIA DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN DIXITAL E FORMACION DE FORMADORAS EN MATERIA DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL debe ser estimada, pois revisado o seu contido, o tribunal estima que supoñen coñecemento tic, polo que a puntuación de dona Susana neste epígrafe incrementase de 0,20 a 0,60.

Logo da revisión realizada a puntuación de dona Susana queda do xeito seguinte:

Aspirante	Formación específica	Experiencia profesional	Tic	Experiencia Tic	Celga 4	Discapacidade	TOTAL
CARREIRA IGLESIAS SUSANA	2'35	4'75	0'60	0'42	0'25		8'37

Debemos destacar que o 11/10/2019 con Re 16806 ten entrada neste concello outro escrito de dona Susana presentado en Lugo o 08/10/2019 ó amparo d o disposto no artigo 116 da lei 39/2019 no que esta indica que o recurso as bases de dona Angela é extemporáneo como xa apreciou o tribunal e solicita polo tanto ser contratada dona Susana e non dona Angela.

Sexto.- Abordamos agora o recurso de dona Paula del Campo Rodriguez, desestimando ó solicitado e aclarando á aspirante que, o tribunal non valorou o programa superior de certificación en orientación laboral realizado en EUROINOVA pois o mesmo non e realizado en centro oficial ou homologado, o mesmo ocorre co Master en Prevención de riscos laborais, realizado en INGAFOR, do que non aporta título oficial senón un certificado emitido por unha sociedade limitada.

E, en canto a que noutros procesos noutras administración foi valorada mais favorablemente ós seus intereses, baste dicir que isto non esta acreditado e, en todo caso, tales actos non inflúen nas decisións deste tribunal, que é o único a quen lle compete valorar méritos no proceso selectivo que nos ocupa.



DOCUMENTO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000452DB00F5D502Z9N3Y9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 16/10/2019
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 14:43:22

DECRETO: 2019001463
Fecha: 16/10/2019
Hora: 14:43
Persona 76561868C



Sétimo.- Pasando ó recurso de don Agustín Bayo Rodríguez, desestimar á súa solicitude pois como as bases indican no epígrafe de experiencia profesional:

A experiencia profesional deberá acreditarse a través do contrato de traballo en que se acredite experiencia profesional polo desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos: alta IAE (e actualización) e facturas en que consten os servizos prestados. Xuntarse informe de vida laboral en ambos os casos.

(...)

O TRIBUNAL NON BAREMARÁ A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLO/A ASPIRANTE QUE NON REÚNA OS REQUISITOS EXPLICADOS NAS PRESENTES BASES.

Dado que, xunto á solicitude de participación, só presentou unha follas do seu certificado de vida laboral (comprendida dos períodos desde 1980 ata 2006) non puideron terse en conta os méritos non reflexados na mesma.

Non podendo admitir tampouco a presentada xunto ó recurso por non ser o momento oportuno para elo, pois non se poden incorporar méritos máis aló do prazo de presentación de instancias.

Oitavo.- Por último trataremos o recurso de dona Lucia Lavandeira Gorgoso, reiterando o exposto no ordinal anterior para don Agustín, pois neste caso non consta o certificado de vida laboral de dona Lucia polo que todos méritos que ela reclama en canto a experiencia laboral e experiencia tic non poden valorarse carecendo de dito documento.

E en canto a súa puntuación de 0,60 no apartado tic, aclararlle que se corresponde coa puntuación máxima por cursos que se pode obter como coñecementos tic, como pode apreciar cunha lectura detida das bases.

Noveno.- Logo da revisión das puntuacións realizada, dona Angela García Civeira continua a ser aspirante coa puntuación máis alta, polo que unha vez aclarado que a puntuación que prevalece a que outorga este tribunal e non a da valoración do servizo de orientación laboral da Xunta de Galicia, este tribunal propón novamente como preseleccionada a dona Angela García Civeira."

RESOLVO

Primeiro.- Estimar parcialmente o Recurso de Alzada dona Angela García Civeira, unicamente en canto a súa solicitude de que se revisase a alza a súa puntuación no aportado de coñecementos tic, (cursos) e desestimar os restantes pedimentos, en ambos caso en base os fundamentos contidos na indicada acta que acompaña a esta resolución.

Puntuación revisada:

GARCIA CIVEIRA ANGELA	3'50	4'75	0'60		0'25		9'10
-----------------------------	------	------	-------------	--	------	--	-------------

Segundo.- Estimar parcialmente o Recurso de Alzada dona Susana Carreira Iglesias, unicamente en canto a súa solicitude de que se revisase a alza a súa puntuación no aportado de formación específica en canto ó curso de experto en recursos humanos consta de 290 horas polo que se a cada 30 horas lle corresponde 0,20 a puntuación correcta é a indicada por dona Susana de 1'92, e apreciase que dito erro debe deberse a un erro de calculo, polo que se estima este punto do recurso e desestimar os restantes pedimentos, en ambos caso en base os fundamentos contidos na indicada acta que acompaña a esta resolución.



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000452DB00F5D02Z9N3Y9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 16/10/2019
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OI=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 14:43:22

DECRETO: 2019001463
Fecha: 16/10/2019
Hora: 14:43
Persona 76561868C



Puntuación revisada:

Aspirante	Formación específica	Experiencia profesional	Tic	Experiencia Tic	Celga 4	Discapacidade	TOTAL
CARREIRA IGLESIAS SUSANA	2'35	4'75	0'60	0'42	0'25		8'37

Terceiro.- Desestimar o recurso de Alzada de dona Paula del Campo Rodriguez en base os fundamentos contidos na indicada acta que acompaña a esta resolución.

Cuarto.- Desestimar o recurso de Alzada de don Agustín Bayo Rodríguez en base os fundamentos contidos na indicada acta que acompaña a esta resolución.

Quinto.- Desestimar o recurso de Alzada de dona Lucia Lavandeira Gorgoso en base os fundamentos contidos na indicada acta que acompaña a esta resolución.

Sexto.- Contratar á aspirante que obtivo a mellor puntuación no proceso selectivo dona Angela Civeira García con efectos do 21 de outubro do 2019.

Septimo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e notificar a mesma aos interesados e informarlles que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderán os interesados interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000452DB00F5D502Z9N3Y9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 16/10/2019
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 16/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 16/10/2019 14:43:22

DECRETO: 2019001463
Fecha: 16/10/2019
Hora: 14:43
Persona 76561868C

